



**Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra**

Departamento exportadores 14,
Lonxa de Marín. Porto de Marín
36900 Marín

A nosa oficina está aberta para
axudarche, orientarte e apoiarte
no desenvolvemento do teu proxecto.

☎ 886 21 30 15/ 698 180 887

✉ gacpontevedra@gmail.com



Máis información en
[http://mar.xunta.gal/gl/o-mar/
o-sector/grupos-de-accion-local-
do-sector-pesqueiro](http://mar.xunta.gal/gl/o-mar/o-sector/grupos-de-accion-local-do-sector-pesqueiro)

 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DO MAR

 **Unión Europea**
Fondo Europeo
Marítimo e da Pesca
(FEMP)

Abrindo horizontes

Desenvolvemento sostible
na Ría de Pontevedra



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Pontevedra



A ría de Pontevedra conta cunha importante riqueza mariña, tanto a nivel biolóxico como ambiental e paisaxístico. En consecuencia, o turismo e o sector servizos teñen acadado un importante peso. Asociar actividades derivadas da pesca e da náutica a outras como o lecer alternativo e a formación ambiental é asentar as bases dun futuro noso, sostible e sólido.

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) da Ría de Pontevedra é unha asociación sen ánimo de lucro formada por entidades públicas e privadas que colabora na xestión dos recursos do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) para desenvolver e dinamizar, desde a sostibilidade, a zona marítimo pesqueira da ría e a súa área de influencia.

Desde 2008 o GALP da Ría de Pontevedra apoiou proxectos moi diversos, como melloras en instalacións portuarias,

programas gastronómicos, rutas turísticas ou xornadas de exaltación de produtos da pesca extractiva. Tamén se apostou pola divulgación da cultura mariñeira, a etnografía e a industria conserveira tradicional.

▶ Para dinamizar e beneficiar o tecido socio económico da áreaponse en marcha unha **Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP)** para o periodo 2014-2020.

O GALP da Ría de Pontevedra conta con 4.280.000 € para o periodo 2014-2020, destinados ao financiamento de proxectos que contribúan ao desenvolvemento do territorio, en coherencia coa súa **Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo**.



Cales son os obxectivos desta estratexia?

A posta en valor, protección e proxección da Ría de Pontevedra susténtase nuns obxectivos que deben cumprir os proxectos subvencionables:

Proxectos de mellora da competitividade do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola

- ▶ Relativos á posta en valor do produto
- ▶ Dirixidos á mellora das condicións do sector



Proxectos de diversificación e xeración de actividade económica no litoral

- ▶ Iniciativas económicas a partir dos recursos
- ▶ Xeración de emprego a partir da mellora da calidade de vida



Proxectos que xeren melloras ambientais ou concienciación ecolóxica

- ▶ Conciencia ecolóxica
- ▶ Melloras ambientais



Proxectos que contribúan á posta en valor e á conservación do patrimonio



Proxectos que fomenten a cooperación e o desenvolvemento local

Quen pode beneficiarse dos fondos do FEMP?

Poden beneficiarse proxectos de **investimento PRODUTIVO** (supón a creación ou mantemento de emprego) ou **investimento NON PRODUTIVO** (que supoña o inicio dunha actividade económica que sexa un proxecto de interese público), baremados segundo os criterios e puntuación da seguinte táboa:

CRITERIO DE VALORACIÓN	Proxectos Produtivos	Non Produtivos
Sostibilidade do proxecto e adecuación á EDPL / Calidade técnica e sostibilidade	Mín. 16 Máx. 22	Mín. 18 Máx. 32
Viabilidade técnica, inclúe formación e experiencia do promotor	Mín. 3 Máx. 5	Mín. 3 Máx. 5
Viabilidade económica / Plan de xestión e garantía de mantemento	5	5
Viabilidade financeira	5	5
Adecuación á estratexia	Mín. 4 Máx. 7	Mín. 5 Máx. 17
Características do promotor do proxecto	22	20
Promotor pertencente a colectivos desfavorecidos	Máx. 6	Máx. 4
Colectivos risco exclusión: discapacitados, parados longa duración, emig. retornados	6	

CRITERIO DE VALORACIÓN	Proxectos Produtivos	Non Produtivos
Muller / Paridade nos órganos de representación	4	4
Home idade <30	3	—
Constitución de empresa como fórmula de economía social	4	4
Ámbito de actuación		
Supramunicipal (Todo GALP)	—	4
Supramunicipal (<1 Concello)	—	2
Local	—	0
Promotor procedente do sector pesqueiro	10	6
Promotor individual ou agrupado	2	2
Colectivos prioritarios aos que se orienta o proxecto		
Medidas específicas que fomenten a igualdade e a integración de colectivos con especiais dificultades	3	3
Creación de emprego	Máx. 20	
Creación de emprego neto	Máx. 8	—
<25.000 € por emprego xerado	8	—
25.000-50.000 € / emprego xerado	6	—
50.000-75.000 € por emprego xerado	4	—
75.000-100.000 € por emprego xerado	2	—
>100.000 € por emprego xerado	0	—

CRITERIO DE VALORACIÓN	Proxectos Produtivos	Non Produtivos
Creación de emprego en colectivos desfavorecidos	Máx. 8	—
+ 50 % emprego en colectivos desfavorecidos	8	—
50-25 % emprego en colectivos desfavorecidos	4	—
Compromiso de mantemento de emprego (no caso de empresas de nova creación, creación de emprego local)	4	—
Impacto no territorio	Máx. 23	Máx. 35
Aproveitamento de recursos endóxenos ou servizos á poboación	3	8
Incidencia ambiental, esforzo económico no cumprimento dalgún dos aspectos seguintes	10	15
Novas tecnoloxías e modernización produtiva	5	5
Impacto social de proxectos que inclúan recuperación patrimonial	2	2
Inclúe unha estratexia de difusión e comunicación	3	5
Innovación e transferencia	Máx. 10	Máx. 10
Innovación	4	4
Transferencia	3	3
Incorpora entidades educativas e ANPAS, implica á mocidade	3	3

